

Convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Manuel María, para desenvolver nos anos 2016-2017 un programa de actuacións para difundir, estudar e preservar a obra de Manuel María.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizou coa Fundación Manuel María, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangueu dende o 16 de abril de 2016 ata o 30 de novembro de 2017.

Que o instrumento convencional tivo por obxecto establecer as bases polas que se rexeu a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Fundación Manuel María para colaborar na actualización do pensamento e memoria do autor, así como no estudo e divulgación da súa obra, xa que o ano 2016 dedicóuselle a este autor o Día das Letras Galegas.

Que existiu converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundamentouse no seguinte:

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.



As partes asinantes deste convenio manifestaron a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considerou esencial apoiar iniciativas que respondan a obxectivos de interese social e que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade a Fundación Manuel María que ten entre outras finalidades, a defensa, conservación, promoción e divulgación do legado material e intelectual, de Manuel María.

Que pola singularidade do seu obxecto, que perseguíu unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolveron ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resultou posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluían o ánimo de lucro, e non puideron satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 13 de febreiro de 2018.

